

DEREITO
SOCIAL
GALLEGA
DE

**LAUDOS ARBITRAIS E
PROPOSTAS DE MEDIACIÓN ACEPTADAS**

EXPEDIENTE

22/01

MODESTO BARCIA LAGO, Avogado en exercicio, designado árbitro para resolver as diferencias entre o ilustre Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e os seus traballadores, dicta o seguinte:

LAUDO

1º.- Polo Ilmo. Sr. don J.M.R.P., Decano-Presidente do ilustre Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) presentouse ante o Servicio de Solucións de Conflictos do Consello Galego de Relacións Laborais escrito promovendo arbitraje fronte ós traballadores da entidade, con baseamento nos extremos que dito escrito contén e que, sinteticamente expostos son:

A) O COAG ten 61 traballadores que se rexen por Convenio Colectivo de 30 de maio de 1997 (DOG nº 178, 16 de setembro).

B) Tentada a negociación co comité intercentros, sen avinza, entende imprescindible a arbitraje prevista no artigo 23.b) dese convenio, que cita o texto.

2º.- Con data 21 de decembro de 2001 formalizouse o compromiso arbitral entre os representantes do COAG, don J.A.H.T., don E.U.S. e dona M.E.T.C., e os dos traballadores don J.R.G., don M.C.P., don E.P.G., don M.G.V. e don J.A.S.M.

No compromiso arbitral expresaron a súa vontade de someter a resolución arbitral a seguintes cuestión: “Diverxencias á hora de revisar a táboa salarial do convenio colecti-

vo de empresa, en aplicación do establecido no artigo 23 do referido texto convencional (DOG nº 178 de 16 de setembro de 1997)”

Designaron árbitro ó que suscribe e asumiron os demais compromisos que figuran na acta correspondente.

3º.- Notificado este árbitro do encargo, quedou sinalada para o 7 de xaneiro último a “xuntanza de contacto coas partes do conflito”, que tivo lugar en Santiago, na sede colexial, Praza da Quintana, núm. 3, Casa da Conga.

4º.- Constituída a mesa da xuntanza segundo o previsto, coa presenza das partes e do árbitro, a empresa e as partes expuxeron os seus respectivos argumentos; resaltando, en síntese, a empresa:

-Entende que hai circunstancias extraordinarias, de carácter económico, xa que a previsión de ingresos para este ano fai imposible unha subida salarial acorde co IPC. Esta previsión vén dada pola consideración dos datos macroeconómicos, a imprevisibilidade actual dos ingresos a partires da reforma da Lei de Colexios Profesionais, e a evolución negativa da economía colexial que no exercicio 2001 cerrará con perdas, polo que houbo de facerse unha estimación de crecemento e preverse no orzamento de 2002 unha recesión ó 95% do anterior. De xeito que de non ser ter en conta esta tendencia e previsión negativa na economía colexial e aplicarse automaticamente o IPC sen axustar a masa salarial, “a lousa do persoal impediría a realización das súas funcións e independencia” colexial.

Por parte dos traballadores resaltouse:

-Que sempre se aplicou o IPC para actualiza-los salarios, e incluso o convenio permite que cando os resultados daban superávit puidesen crecer máis que o IPC, pero os traballadores nunca esixiron este exceso, polo que na hipótese actualmente formulada, que nin sequera está contrastada, e tendo en conta que os orzamentos confecciónanse con estimacións conservadoras de ingresos que quedan por debaixo da realidade, non parece que nesta ocasión deban conxelarse os salarios, pois o aumento non é sobre a masa salarial íntegra, senón sobre a da táboa, e a súa incidencia en relación co volume de orzamento de uns noventa millóns de pesetas, aproximadamente, é mínimo, pois cada punto porcentual viría supor uns tres millóns de pesetas. Ademais, se houbese necesidade de recortar gastos, os salarios non deberían ser as partidas afectadas en primeiro lugar. En definitiva, os traballadores interesan que se aplique o IPC de 2001 máis o previsto para 2002, que sería doutros dous puntos acumulados.

Feitas as exposicións das posicións respectivas, acordouse que no transcurso da semana as partes poderían facilitar ó árbitro a ampliación respectiva e documental que entendesen oportuna.

Razoamentos xurídicos

I.- O marco normativo base desta arbitrase configúrase ó abeiro do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de Traballo (AGA) en vigor e normativa concordante, e, máis en concreto, o convenio colectivo de empresa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, aprobado por resolución de 16

de xuño de 1997 da Dirección Xeral de Relacións Laborais, DOG nº 178, de 16 de setembro de 1997.

A tramitación da arbitrase seguiu con audiencia das partes, seguindo o disposto no artigo 24 do AGA, prorrogándose o prazo pola excepcionalidade das datas e contido do conflito nos límites dese precepto.

II.- En canto ó fondo formulado, deben valorarse a relevancia das seguintes consideracións:

- a) A táboa salarial dos traballadores vén configurada no artigo 22 do Convenio.
- b) Consonte ó artigo 23 desa norma convencional é a táboa salarial a que é obxecto de revisión polo procedemento arbitral en curso, que non afecta á masa salarial completa, senón ós salarios base que se sustentan na táboa, e así o configuran as partes, movéndose os límites das diverxencias entre un crecemento do 0% proposto pola entidade corporativa e un aumento do IPC-2001+2 puntos acumulados previstos par o ano actual, segundo demandan os traballadores para paliar a perda de valor adquisitivo dende o primeiro intre.

III.- Pois ben, ó respecto, ha de subliñarse que o convenio –artigo 23- impón a revisión anual da táboa, establecendo os procedementos para iso: pacto, arbitrase en defecto de pacto, ou aplicación automática do IPC do ano anterior no caso de que non se fixese convocatoria en prazo pola empresa.

Por iso, é claro que procede en calquera caso unha revisión, diferindo do criterio arbitral, en defecto das outras dúas modalidades, a fixación do “cuantum”.

IV.- Resulta de interese para esta determinación, o dato de que habitualmente a revisión consistía na aplicación automática do IPC do ano anterior ó abeiro da terceira das modalidades mencionadas, porque, dunha banda, obstaculiza a pretensión dos traballadores de acumular o IPC previsto para o ano actual, e doutra, demostra a coincidencia das dúas partes no criterio do IPC, senón que ten de valorar o conxunto de argumentos das partes para fixar o “cuantum” de revisión.

V.- Neste senso, resulta encomiable a preocupación dos rectores do Ilustre Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia por previr os efectos potenciais da tendencia económica negativa que deducen dos datos macroeconómicos e axustar o orzamento colexial a tales previsións recesivas. Pero, indubidablemente, non pode asimilarse de xeito inmediato ós traballadores a unha condición cuasi-societaria que os vencelle automaticamente cos avatares empresariais; porque, dunha banda, nas épocas de superávit non se lles fixo partícipes –nin eles o reclamaron- dos beneficios, e doutra, porque a definición das políticas corporativas non é da súa competencia, senón, claro está, dos colexiados. De aí que, aínda na eventualidade dunha situación recesiva, non cabe que o Colexio decida unilateralmente que as necesidades de axuste das partidas económicas do gasto incidan sobre os salarios que, indubidablemente, quedan minguados pola erosión da inflación, en vez de presionar sobre outros capítulos de plena dispoñibilidade política de corporación.

VI.- Pero é que, aínda concedendo a efectos polémicos a percepción de signos dunha tendencia recesiva macroeconómica que incidise nos ingresos do COAG, resulta claro que a hipotética perda contable é neste intre caso singular nunha traxectoria de beneficio contable, e por iso non procede que sobre esa base conxuntural se prexudique

o nivel retributivo dos traballadores ó negárenselle ós salarios a recuperación do IPC pasado. Certamente, habería de subliñarse tamén que se os signos actualmente apreciados de recesión perden o seu carácter de conxunturais para afirmárense nunha estabilidade á baixa, cabería unha recomposición das políticas corporativas, entre elas, a de persoal e retribución, no contexto dos obxectivos que se marcasen; porque tampouco cabe que a parte social teña inescusablemente de ver favorecido o seu nivel retributivo automaticamente independentemente dos avatares de saúde económica da empresa á que serve. Pero, os datos acreditan actualmente unha innegable solvencia económico-patrimonial e financeira do COAG, que é mérito, sen dúbida, dunha prudente xestión dos recursos corporativos, que o incremento do IPC-2001 na táboa salarial non pon en risco, sendo facilmente asumible polo orzamento, e por iso, á marxe da reformulación global que a corporación poida encetar, resulta equitativo nesta ocasión aplicar á táboa salarial correspondente incremento do 2,7% que alcanzou o IPC do ano 2001.

En consecuencia,

RESOLVO: Revisa-la táboa do colectivo de empregados do Ilustre Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia aplicándolle un incremento do 2,7%, relativo ó IPC correspondente ó ano 2001.

Tal é o meu laudo que dicto en Santiago, o quince de xaneiro de 2002

EXPEDIENTE

23/01

JULIO PORTELA CEBALLOS, designado polas partes árbitro en Acta de sometemento a arbitraje para determinación dos servizos de mantemento en caso de folga, segundo o establecido no Capítulo IV do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA), o día 7 de decembro do 2001, na que son interesados, dunha parte, a representación legal dos traballadores a través do comité de folga, e doutra, a empresa AUDASA, en canto partes lexitimadas do conflito sobre as diferenzas xurdidas de cara á fixación dos servizos de mantemento que deben rexe-la folga indefinida convocada a partir do día 10 de decembro, en días alternativos, luns e venres de cada semana, das 8:00 a 10:00 horas, pola mañá, e das 19:00 ás 21:00 horas pola tarde.

Visto o expediente e oídas as partes, RESOLVO a cuestión suscitada por medio do presente laudo, con base nos seguintes

Antecedentes

As propostas de servizos de mantemento presentadas polas partes concréntanse do seguintes xeito:

- Proposta da dirección da empresa: A representación da empresa fai a seguinte proposta baseándose na consideración de que o cadro de persoal actual é a mínima necesaria, tanto na peaxe como no centro de control. O cadro de persoal de colaboradores de peaxe que presta servizo os luns e venres é a que segue:

Luns		Venres	
Vilar de Colo	2	Vilar de Colo	2
Cabanas	1	Cabanas	1
Miño	1	Miño	1
Santa Marta	1	Santa Marta	1
Guísamo (ramal)	1	Guísamo (ramal)	1
Guísamo (troncal)	5	Guísamo (troncal)	5
La Barcala	3	La Barcala	3
Cecebre	4	Cecebre	4 (2 máis os venres pola tarde)
Macenda	2	Macenda	2 (2 máis os venres pola tarde)
Ordes	1	Ordes	1
Sigüeiro	4	Sigüeiro	4
Teo	4	Teo	4
Padrón	1	Padrón	1
Carracedo	1	Carracedo	1
Caldas	2	Caldas	2
Curro	1	Curro	1
Alba	4	Alba	4 (1 máis os venres pola tarde)
Figueirido	8	Figueirido	8 (1 máis os venres tarde)
Morrazo	6	Morrazo	6
Rande	2	Rande	2

Nas brigadas de conservación e mantemento necesítanse 6 persoas en total (2 no norte, 2 no centro e 2 no sur), e nas oficinas centrais é necesaria 1 persoa para atende-lo teléfono e outra persoa para atención ó cliente.

-Proposta dos representantes dos traballadores:

O Comité de Folga fai a seguinte proposta de servizos mínimos:

Luns		Venres	
Vilar do Colo	1	Vilar do Colo	1
Cabanas	1	Cabanas	1
Miño	1	Miño	1
Guísamo(ramal)	1	Guísamo (ramal)	2
Guísamo(troncal)	2	Guísamo(troncal)	2
Cecebre	2	Cecebre	2
Macenda	1	Macenda	1
Ordes	1	Ordes	1
Sigüeiro	1	Sigüeiro	1
Teo	1	Teo	1
Padrón	1	Padrón	1
Carracedo	1	Carracedo	1
Caldas	1	Caldas	1
Curro	1	Curro	1
Alba	1	Alba	1
Figueirido	4	Figueirido	4
Morrazo	2	Morrazo	2
Rande	1	Rande	1

Nas brigadas de conservación e mantemento necesítanse 6 persoas en total (2 no norte, 2 no centro e 2 no sur), 1 persoa no centro de control e nas oficinas centrais 6 persoas.

Baseándose no anterior, a RESOLUCIÓN do presente LAUDO concrétase nos seguintes SERVICIOS DE MANTEMENTO:

Luns		Venres	
Vilar do Colo	1	Vilar de Colo	1
Cabanas	1	Cabanas	1
Miño	1	Miño	1
Santa Marta	1	Santa Marta	1
Guísamo(ramal)	1	Guísamo(ramal)	1
Guísamo(troncal)	3	Guísamo(troncal)	3
La Barcala	1	La Barcala	1
Cecebre	2	Cecebre	2
Macenda	1	Macenda	1
Ordes	1	Ordes	1
Sigüeiro	2	Sigüeiro	2
Teo	2	Teo	2
Padrón	1	Padrón	1
Carracedo	1	Carracedo	1
Caldas	1	Caldas	1
Curro	1	Curro	1
Alba	1	Alba	1(1 máis o venres tarde)
Figueirido	4	Figueirido	4
Morrazo	2	Morrazo	2
Rande	1	Rande	1

Nas brigadas de conservación e mantemento necesítanse 6 persoas en total (2 no norte, 2 no centro e 2 no sur), 1 persoa no centro de control e nas oficinas centrais 2 persoas.

O presente laudo poderá ser recorrido diante da xurisdicción social nos termos establecidos no art. 24.4 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extrajudiciais de Solución de Conflictos de Trabajo (AGA).

Dado na Coruña, o 7 de decembro do ano 2001